

Agustín Fernández Paz: «Se aquí lemos novela islandesa, tamén a nós nos poden ler fóra»

[Beatriz Pallas](#) REDACCIÓN /LA VOZ [A CORUÑA](#)

O prolífico autor vilalbés vén de gañar o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa extensa obra.

14 set 2011.

Necesitamos beber soños coma quen precisa beber auga. A metáfora é de Cunqueiro e para Agustín Fernández Paz é unha máxima que explica ese mecanismo integrado no ADN das persoas que impulsa a contar e a escoitar historias. O prolífico autor vilalbés vén de gañar o Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil pola súa extensa obra, que inclúe títulos como *Contos por palabras*, *No corazón do bosque* ou *Cartas de inverno*, que leva, esta última, 26 edicións en galego e 15 en castelán. Agora ten tres novos títulos en carteira: *Corazón de pedra*, para lectores novos; *Fantasmas de luz*, obra sobre o cine ilustrada por Miguel Anxo Prado; e o libro de contos *As fronteiras do medo*.

-Vostede medrou sen televisión. Tería sido tan bo lector habendo debuxos animados?

-É certo que medrei coa xente contando historias arredor da cociña de ferro. Pero non é menos certo que hoxe lese moito máis que hai tres ou catro décadas. O que urxen son políticas activas de promoción da lectura.

-Como se convence a un neno rodeado de pantallas para que se concentre nun libro?

-Hoxe as casas están inundadas de pantallas, pero ao seu carón están os libros. Aos rapaces que son bos lectores encántalles o cine e Internet. Antes o libro ocupaba un papel central e agora foi desprazado. Pero a lectura segue sendo fundamental para unha sociedade democrática e para crear cidadáns libres e críticos para ler no soporte que sexa.

-É o mesmo criarse con Alicia que con *Bob Esponja*?

-Aí si que me pillas. Sei que existe, é imposible non sabelo, pero estou máis ao tanto das películas de Pixar ou de Hayao Miyazaki. Vexo moita simbiose entre os libros e as películas, aínda que os praceres da lectura son máis intensos e permanentes.

-Os contos clásicos seguen sendo o gran referente?

-Son marabillosos. Son a decantación dunha tradición oral de séculos e teñen unha visión do mundo fundamental para a maduración vital.

-Agora témesse a violencia dos videoxogos, pero nos contos populares hai moito terror.

-As versións orixinais da *Cincenta*, *Brancaneves* ou *Hansel e Gretel* son terroríficas. Pero debaixo de cada conto popular hai un río subterráneo de ensinanzas para superar os medos e os perigos.

-Que libro lle gustaría ter escrito?

-Algún de Roald Dahl, *As bruxas* quizais. Pero o bo dos libros é que non tes que ter un de primeiro no ranking, porque todos agardan por ti.

-Os seus premios proban que escribir en galego non é un límite?

-Iso téño claro desde os primeiros libros. Cando un escritor traballa o centro do mundo está no seu cuarto, calquera que sexa a lingua que empregue. Despois están as cuestións sociolóxicas. Se aquí lemos novela islandesa, un país cos habitantes de Vigo, ou a Murakami, que escribe en xaponés, tamén a nós nos poden ler fóra. É precisa unha política de fomento da cultura propia no exterior e os escritores galegos estamos desasistidos.

-A literatura infantil galega xa ten un prestixio propio.

-Porque fomos furando e facendo o que podíamos para que nos coñecesen, presentando textos a todos os certames que admitían orixinais en galego.